

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Universidade da Coruña de acordo cos seus Estatutos, é unha institución pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e coa Lei e a quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para o desenvolvemento das seguintes actuacións recollidas nos seguintes eixes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero:

O Eixe 1 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, recolle medidas relativas á prevención e á sensibilización fronte a violencia de xénero, prevendo a posta en marcha de accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres e as consecuencias que ten para a súa vida e a das seus fillos e fillas. Estas actuacións terán como destinatarios principais a nenos e nenas, a adolescentes e á mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.



O Eixe 8 leva por título *a visualización e atención de outras formas de violencia contra as mulleres*, incluíranse todos os actos de violencia baseados no xénero que impliquen ou poidan implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as tres Universidades galegas para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

